

O HAMADEIRO


A TOPOONIMIA
DE PONTEVEDRA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PONTEVEDRA ALUSIVOS A FEITOS HISTÓRICOS

Vilafranca (Marcón) || Condesa (Mourente) || Moldes (Mourente-Campañó) ||
O Bispo (Campañó) || Cabaleiro (Lourizán) || Ferreiros (Campañó)



OS NOMES DOS
LUGARES

CHAMADEROS

Como foi o feliz descubrimento da palabra “chamadeiros”

O verbo ‘chamar’ aparece definido no Dicionario da Real Academia Galega (RAG) como a acción de “aplicar a alguém ou a algo un nome ou un alcume” Ningún dicionario galego acolle estas acepcións (só o estraviz.org), pese a que é unha palabra empregada entre a poboación para nomear a súa toponomía

Ao
comezar o traballo de
campo na freguesía de Xeve, **José Argibay**, de 83 anos, labrador e carpinteiro de profesión, preguntounos por que queríamos saber dos chamadeiros da parroquia. **Ese foi o primeiro contacto cunha palabra que nos seguintes meses de traballo se repetiu unha e outra vez.**

Os chamadeiros ou chamadoiros son os nomes de lugar. Son as palabras que se empregar para chamarlle ás veigas, camiños, montes, fontes,... Trátase dunha palabra viva, que segue a ser empregada no rural para chamarles ás cousas polo seu nome. Isto é nomear, dar nome. Así, o acto e efecto de chamar a través dun substantivo pode denominarse chamadouro (recollido nos dicionarios portugueses), chamadeiro ou chamadoiro.



Esta é unha proba de que os dicionarios non recollen a variedade e a riqueza léxica que a fala viva atesoura, tal e como pudemos comprobar despois de entrevistar a **ducias de mulleres e de homes** de todas as profesións vinculadas ao rural pontevedrés (labradores, mariscadoras, carpinteiro, canteiros, xornaleiras, albaneis, labregas, mariñeiro, etc...).



Ao ir explorando chamadeiros fomos descubrindo como os seus límites poden ser moi imprecisos, como a mesma leira pode pertencer a dúas parroquias (segundo quen fale dela), como os chamadeiros experimentan cambios en función do hábito de nomear dos seus propietarios...

Os chamadeiros son todo nomes. **Nomes para conservar.**

ALGÚNS HIDRÓNIMOS DE PONTEVEDRA

A Ría de Abaixo / Arriba (Marcón) || Os Fontáns (Santa María de Xeve) || A Regueira (Lérez) || O Regueiriño (Lourizán) ||

O Rial (Lourizán) || O Gorgullón (Pontevedra) || A Seca (Mourente)

OS TOPOÍNIMOS,
O GPS DA TERRA I

CHAMADEIROS

A topónomia é a ciencia que estuda os nomes con que identificamos determinados espazos do territorio.

Provén da unión de dous termos gregos: Τόπος, que significa **lugar**, e ὄνομα, do que deriva ‘onimia’ e que quere dicir **nome**.

É moi interesante
coñecer a topónomia porque
ofrece moita información
do lugar no que
vivimos

Os nosos ancestros bautizaron en diversos momentos da historia os lugares que habitaban e cultivaban. Así, os topónimos amosan a **realidade xeográfica** á que dan nome



Referidos á orografía
do terreo

O Outeiro
O Couso
Frieiro

Accidentes costeiros
e embarcacións

A Camboa
A Ribeira
A Insuña

Que indican a
existencia de fontes,
regueiros, ríos

A Fontaíña
A Gándara
A Regueira

Que se refiren á
vexetación dun lugar

Filgueira
A Xunqueira
O Salgueiral

Que falan dos
animais que
habitaron nela
Lampreeira
Pontecabras
A Corval

Que indican a
estrutura do terreo
A Curuxeira
A Meán
Ría de Arriba

Que recordan aos
seus poboadores por
nomes ou alcumes

Guxilde
Reariz
O Xistro

Aos traballos
agrícolas ou aos
cultivos

O Nabal
Monte Porreiro
O Queimado

Que rememoran un
feito histórico
acontecido no lugar

O Vigario
A Ponte da Barca
O Casal do Rei

Que levan nomes de
entidades humanas ou
vías de comunicación

Vilariño
A Corredoira
A Ponte do Couto

Que fan referencia a
construcións feitas
polo home

A Torre
O Marco
A Valadiña

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PENELOS DE PONTEVEDRA

Pedra do Becerral || Pedra da Pena || O Outeiro das Oles || O Campanario || O Escorregadoiro da Fonte Chorenta || O Outeiro do Gato || O Outeiro Ventá ||
O Outeiro Rachado || O Penedo das Sementas || A Pedra do Asento || A Casa da Moura || A Pedra da Moura || O Marco das Tres Cruces ||
A Pedra de Escorregar || O Outeiro Navío || O Outeiro Laxeado || A Pedra Lonca || O Outeiro da Hucha || O Cabaliño || O Marco do Cabalgado ||
A Pedra Lonca || A Pedra do Becerral || A Pedra do Escorregadoiro || A Pedra do Moucho || A Pedra das Mouras || Pedra do Porro ||
Pedra da Cruz || A Casa do Lobo || A Caseta do Lobo || Pedra dos Cabalos || A Pedra Escorregadoira || A Escorregadoira || Pedra do Tombo || O Tombo



OS TOPÓNIMOS,
O GPS DA TERRA?

SILVIA
CHAMADEIRO


Algúns nomes permítennos identificar “a primeira vista” a que se refiren

Outros non nos dirán nada. Algúns foron variando oralmente e perderon o seu significado, porque a especie arbórea ou o cultivo que lle deu nome no seu momento xa non perdura

Moitos dos que se empregan actualmente tampouco son os primitivos, pero fóreronse adaptando aos tempos e ás necesidades das persoas, como pasa co topónimo O Tambre (Cerponzóns) que identifica ao tendido de alta tensión. Sexa como for, o caso é que dispoñemos de palabras que levan miles de anos existindo para falar de fontes, camiños, pobos...
Contamos cun GPS que non se equivoca e sempre leva a destino pola mellor ruta: a da fala

É o caso de O Casal do Río, que nos fala dun grupo de casas situado nas proximidades dunha corrente de auga

A Canicouva



ALGÚNS NOMES DE TERRAS DE CULTIVO DE PONTEVEDRA

O Regueiriño || A Presa || As Brañas || A Pombiña || Estolde || A Cortiza || A de Covas || A do Rego || A Redondiña || A Tripa || A Veiga do Pozo ||
As Bouciñas || As Espadaneiras || As Brañas || As Veigas de Tras da Eira || As Bouzas || As Vesadas || As Peladas || As Viñas da Chan || O Arado ||
O Eirado de Abaixo || O Eirado de Mirón || Visó || As Figueiriñas || O Pumariño || O Souto de Arriba || As Viñas da Casa Nova || Vilanova ||
A Carreira || A Fonte da Bouza || A Lagoa || A Viña || A Xesteiriña || Os Laranxos || Liñariños || Viñas Longas || O Peñascal || A Canteira || Meira ||
O Beneiral || O Outeiriño || O Pradiño || Os Prados || A Canliña || A Cubeliña || A Revoltiña || A Veiga da Eira || A Veiga da Porta || O Rabete || O Val ||
Os Prados || As Veigas do San cristán || A Eira de Abaixo || A Tenencia



Sarmiento foi un dos ilustrados galegos más importantes do seu tempo e da Historia de Galicia

Este fraude (1695-1772), criado en Pontevedra, destacou tamén polos seus estudos sobre o idioma galego, nomeadamente sobre a toponimia



*A cinco de maio saín para
Pontevedra a divertirme en Galicia
en compañía do Mestre Marín.
Collin un libro en cuarto e nel ía
apuntando todos os lugares, etc.*

Levou a cabo os primeiros estudos onomásticos (ciencia que estuda os nomes propios dos lugares e das persoas), vinculánndoos coa xeografía, a xenealoxía e a historia natural. **A el debémoslle o primeiro estudo etimolóxico da voz "Pontevedra", que sitúa acertadamente en "Ponte Vetera"**

Nos “libros de viaxes” que escribiu durante dúas amplas temporadas que pasou viaxando pola nosa terra (nos anos 1745 e 1754-1755), profunda na orixe de moitos dos nosos nomes de lugar: **“Adiqueime ás voces e frases da lingua galega e á xeografía particular. Alí escribín tres cadernos “Sobre as voces galegas” (...).”**

Era consciente da abundancia de chamadeiros que contén o noso país e facendo **“un prudente cálculo, coido que haberá en todo o Reino de Galicia cen mil nomes xeográficos separados”**. Sarmiento tamén comparou Galicia con outros territorios e consideraba que **“en igualdade de terreo é más abundante Galicia do que Castela no número de nomes de lugares (...) en Castela unha aldea só ten un nome e un lugar e que unha aldea de Galicia ten seis, dez, quince, dezaoito, vinte e máis lugares con distintos nomes”**.



ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PENEDES DE PONTEVEDRA

O Cañizo || Marco do Cañizo || Pena de Gandarachán || Pena de Galdrachán || A Cruz || A Pedra Redonda || Outeiro de Pociñas || A Pía dos Corvos ||
A Cadeira da Raíña || A Pedra Grande || A Pedra Penela || Pedra da Campana || A Pedra Furada || A Pedra Encabalada || A Pedra Redonda ||
Os Outeiros do Montiño || As Pedras Quebradas || O Outeiro Grande || As Pedras de Heracio || Os Petoutos || Pedra da Balandra || A Espedrageira ||
Pedra da Hedra || Pedra do Érbado || As Pedras Negras || As Pedras Aciras || Outeiro do Aciro || Pena do Marco || O Outeiro do Sapo || Alto da Urcia



EN GALIZA SOMOS

UNHA POTENCIA
TOPONÍMICA

SOLANA
CHAMADEIROS

Galiza conta coa maior densidade de topónimos da península ibérica

Entre vales e montañas, a poboación foise dispersando, o minifundismo foi crecendo e así, as galegas e os galegos levamos miles de anos poñéndolle nomes ao espazo no que habitamos. **Todo o que nos rodea foi identificado cun chamadeiro que xa forma parte do noso patrimonio** e que temos o deber de recollelo dos nosos devanceiros e devanceiras para deixalo en herданza ás novas xeracións.

3.000.000

Hai quien di que temos máis de tres millóns de topónimos e que os nosos nomes de lugar suponen un terzo dos de toda España

7.000

No concello de Pontevedra sumamos preto de 7.000 topónimos repartidos entre as 15 parroquias.



Pontevedra

Na antigüidade, Pontevedra non sempre apareceu denominada do mesmo xeito

A lo largo da historia apareceron referencias á cidade como 'Lambilaca', 'Ad Duos Pontes' e 'Turoqua', o que non quere decir que foran realmente o nome da vila

En Galiza atopamos outras dúas denominacións 'Pontevedra'.

Unha correspón dese un lugar do concello de **Negreira** e a outra cunhas terras de cultivo denominadas 'A Pontevedra' no concello de **A Gudiña**.


Ámbalas dúas atópanse preto de leitos fluviais. A primeira a uns metros do río Tambre e a segunda á beira do río Pereiro.



Que nos indica o topónimo da nosa cidade?

O Padre Sarmiento explicába-o así no século XVIII: "Llámase así Pontevedra por estar la orilla del mar y junto a un puente, que ya hace muchos siglos que era vieja, es vetera. Y de Ponte vetera, se dijo Ponte-vedra"

Carta de doazón de Fernando II 30/04/1165
España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Arquivo Histórico Nacional.
AHN. CLERO SECLAR REGULAR. Caja 1749. N.14



Planta de la Villa al Raval y Ria de Ponte Bedra: Tomada con diligencia y puntualidad. 1595*. M. Pe D-6-101. AXS



Ponte Veteri

O nome Pontevedra procede do étimon latino 'pontus veteris', que significa ponte vella. No entanto explica Xesús Portas Ferro, "en case todos os latinos dos séculos XII e XIII, o nome da vila era formas Pontevetri e Ponte Veteri" porque os estaban calcando no seu latín unha construición herdada do latín vulgar. Ademais, engade que documentos escritos en galego aparece o romance Pontevedra" e, de feito, na lingua fanca noutro outro nome ca o de Pontevedra"

Gonzalo Martínez doa ao Mosteiro de Lérez as súas propiedades 5/12/1141
España. Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Arquivo Histórico Nacional. AHN



A lo largo da historia as referencias á cidade Pontevedra fanse de diversos xeitos

1141

Nunha doazón ao Mosteiro de Lérez relátese que o medium flumen Pontis Veteri, usque cum locis intrat in Lerz..."

1163

Na escritura dunha doazón aparece "omnes Ponte Veteri tam presentes quam futuros..."


1165


No documento da "Paz do Lérez", do rei Fernando escribían "super flumen Lerice in vetula ponte

Tamén se puideron ler outros termos como 'Ad Duos Pontes' e 'Turoqua'.

"Pontus Veteris", nunca

O tan afamado "Pontus Veteris", que hai unha deu nome a unha pasarela de moda e a unha localidade en Galicia, non é o mesmo que o latín do topónimo Pontevedra. **Estamos ante** pois Pontus Veteris en latín significaría 'O mar de Compostela, á que lle atribuíron como orixe (as estrelas) cando realmente o nome é un díname a unha vila "feitiña" ou "xeitosina"





Alfolí de Sal

Do árabe hispano ‘alhuri’, almacén de sal. En 1835, cando se lle concede o título de cidade, o texto selado pola Raíña Gobernadora di que o seu arrabalde mariñeiro, A Moureira, “**es uno de los más famosos de la antigüedad y el mayor de todas las poblaciones de Galicia, de modo que aun conserva diez y siete muelles**”. Nun deses peirao descargábase, procedente de Portugal ou Bretaña, o sal que se gardaba nestes alfolís para a salgadura do peixe. Como sinala Armas Castro “**ao longo dos séculos XIV e XV a vila acada o seu pleno desenvolvemento converténdose no segundo núcleo galego en número de habitantes, detrás só de Compostela**”.



Ponte do Burgo

Do latín ‘burgus’, e este do xermano *būrgs. **Núcleo de poboación que durante a Idade Media se formou arredor dun castelo ou lugar fortificado**. Este topónimo é común a todas as cidades que contaban cunha estrutura defensiva semellante (Burgos, Estrasburgo, Edimburgo, Hamburgo, Luxemburgo...). No debuxo do cartógrafo portugués Pedro Teixeira (1634) podemos ver o antigo burgo da cidade rodeado dunha muralla e unido coa ponte que enlazaba Pontevedra con Santiago de Compostela.



Ponte da Barca

Do latín ‘barca’. Refírese a unha embarcación pequena, movida a remo, utilizada para pescar ou navegar nos ríos e transportar persoas ou mercadorías dunha beira á outra. O topónimo evidencia **cal era o medio de transporte que permitía salvar ambas as beiras do Lérez antes da construcción da ponte**.

Espincelo

Topónimo derivado da voz latina ‘spinus’ ao igual que Espiñeira, Espinoso, Espiñaredo, Espiñeiros, Espiñeiro segundo José Luís Pensado. **A terminación diminutiva -elo indica que é un topónimo milenario**. Existe un antropónimo medieval, Pentius. Tamén podería estar emparentado con Pinza.



A Moureira

Do latín ‘muria’, que significa ‘sal’. As moureiras son o lugar **onde se realizan as operacións da salgadura do peixe**. A pesca e comercialización da sardinha explica o esplendor de Pontevedra durante o século XV e XVI, cando se converteu **na cidade más dinámica e próspera do Reino de Galicia**.



Os Palamios

Os pelamios eran as “**pías ou lugares onde se somerxían as peles dos animais para curtillas**”, por iso eran instalacións próximas a cursos de auga (ríos, regatos) a fin de facilitar os traballos. Esta voz procede do latín ‘pellis’, que significa ‘pel’, porque nas curtidorías perdían o pelo e quedaban ‘peladas’. **O topónimo é moi frecuente nas vilas galegas que contaron con curtidoiros de pel de gando** (Santiago de Compostela, Allariz, etc...).



Pasarón

Do latín ‘passare’. Este topónimo, frecuente en Galicia, fai alusión a unha construcción etnográfica que, no noso idioma, tamén se coñece co nome de pasos, pasais ou poldras. Trátase dunha alinación de pedras, que dispostas sobre un curso de auga ou zona anegable permiten o paso a alancadas de pedra a pedra. En galego o sufijo –ón non sempre ten valor aumentativo; ás veces, posúe o valor contrario (mosteirón ou fortíñon, por exemplo, son diminutivos de mosteiro e forte respectivamente).

ALGÚNS NOMBRES DE PONTEVEDRA RELACIONADOS CON CURSOS FLUVIAIS

O Río de Valado || O Río da Lovada || A Fonte da Cachada || O Río dos Campazos || O Río da Almuíña || O Río do Olmo || O Río do Acival ||
O Río de Clara || O Río da Cacharela || O Río Rons || Río de Verducido || Río dos Fontáns || Río Rons || Río da Gandra || Río do Muiño Vello ||
Río da Ponte Nova || Río da Costa || Río dos Fontáns || Río da Igrexa || Río de Cons || O Río da Escollera || Río da Ponte ||
O Río da Sartán || O Río da Comboa || Río do Urzal || Río de Pintos || Río de Santa Marta || Río do Porto || Río das Costeiras || Regueiro das Garotas ||
Regueiro do Outeiro Navio || Regato do Pozo dos Paraños || Río do Albeiro || Río de Pintos || Regato da Ponte || Río da Xunqueiriña ||
A Maragota || Barca de Parada || Rego do Castrado || Río da Ufa || Regueiro das Laceiras || Regueiro do Foxo || Regueiro do Fosoán ||
Regueiro do Portasouto || Río da Veiguña

UN PATRIMONIO BEN PROTAXIDO POLA

LEXISLACIÓN?

CHAMADEIROS

A Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia non outorga protección aos topónimos tradicionais do noso país

A Lei do patrimonio histórico de Canarias (Lei 4/1999) e a Lei do patrimonio cultural, histórico e artístico da Rioxia (Lei 7/2004), protexen os nomes das rúas e a toponimia tradicional rústica e urbana destas dúas comunidades autónomas.

A Conferencia Xeral da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, (UNESCO), na súa 32^a reunión, celebrada en París en 2003, aprobou a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, onde se integra a toponimia.



Con respecto á lingua, o artigo 10 da Lei 3/83 de normalización lingüística, indica que “os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega”.

Ademais, sostén que lle corresponde “á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente”

As denominacións que marca a Xunta “son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o estado”

**ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PONTEVEDRA
RELACIONADOS CON CULTIVOS E TERREOS**

O Rañadoiro (Ponte Sampaio) || Eirós (Mourente) || As Cernadas (Lérez) || A Ruibal (Salcedo) ||

Queimado (Cerponzóns) || Agrovello (Lourizán) || O Rozo (Lourizán) || O Cachapal (Campañó) || Campaño de Arriba (Campañó) ||

O Pumariño (Tomeza) || A Lameliña (Bora) || A Meán (Lourizán-Cerponzóns)


AS FONTES DA TOPONIMIA

OS DOCUMENTOS

ESCRITOS

CHAMADEROS
SILVANICOS

A investigación tamén utiliza documentos privados con datos sobre os nomes do terreo



No século XIX non existen catastrós como tales e a documentación que vai servir para repartir a contribución territorial serán os libros de amillaramento. Neles aparecen enumerados os propietarios de cada concello, especificando para cada un deles as súas propiedades: predios, terras e a súa calidade, cabezas de gando de cada especie, co obxectivo de avaliar a riqueza do contribuínte. Na seguinte fase chegou o catastro por masas de cultivos e clases de terreo, un traballo que se organizaba aldea por aldea e que conta, en moitos casos, con planos do Instituto Xeográfico. **Os Frutos Civiles e os Cadernos Xerais de Riqueza** tamén son moi útiles para o rescate da toponimia.

'O Catastro do Marqués da Ensenada', é unha enquisa elaborada entre 1748 e 1753 sobre a poboación e riqueza das terras baixo o dominio da Coroa de Castela, que tiña como obxectivo substituír o pago de diversos impostos por unha única contribución.

O Diccionario Geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar, obra de **Pascual Madoz** e do cartógrafo **Francisco Coello**, publicado entre 1845 e 1850, recolle en orde alfabética todos os concellos e lugares, coas súas paisaxes naturais, comentarios sobre a súa historia e informacions de natureza económica e social. É de utilidade para coñecer os nomes que tiñan algunas poboacións antes de cambios de denominación recentes.

A cartografía que recollen os concellos, as comunidades de montes, o Instituto Xeográfico Catastral, o Instituto Xeográfico Nacional, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os expedientes da concentración parcelaria (que supón unha importante reorganización da terra e unha gran perda de toponimia) tamén se empregan como **fontes escritas para a recollida de toponimia**.



ALGÚNS HAXIÓNIMOS DE PONTEVEDRA

San Amaro (Mourente) || Santa Margarida (Mourente) || San Caetano (Cerponzóns) || San Pedro (Tomeza)

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PONTEVEDRA RELACIONADOS CON ALCUÑOS

A Balea (Cerponzóns) || O Castrado (Cerponzóns)

AS FONTES DA TOPONIMIA

AS PESSOAS

INFORMANTES

SILVANA
CHAVADEIRO

Onte, entre parrafeo e parrafeo

As persoas informantes

Volveu ser unha moza de 15 anos que ía coas vacas para o monte e tamén un mozo de 16 que recollía herba onde agora todo son xestas. E volveron ir ao muíño, collleron no toxo e subiron de novo aquela congostra pola que todos os domingos corrián para ir mocear



As persoas maiores son 'wikipedias' reais. Sempre cren que saben menos do que realmente saben e normalmente réstanlle importancia a lendas, historias, nomes de anaquiños de terra, acontecementos, costumes, lugares... Consideran que estas cuestións forman parte dun pasado que a ningúen lle interesa. Pois non! **Ese pasado é cultura, é patrimonio, é vida.** Hai moiísima xente realmente interesada en todo o que os maiores teñen para contar e, por sorte, dispoñemos de moitos medios para facer chegar esa información a xente de todo o mundo.

Os informantes do proxecto

Chamámonos así son veciños e veciñas involucrados. Medio milleiro de persoas que dedicaron o seu tempo por vontade, por compromiso cun patrimonio que non queren perder. Veciños que reconécen que a toponimia non se emprega tanto coma antes, que os novos xa non lle chaman ás leiras e ao monte polo seu nome. **“Ai, se isto se fixera hai 20 anos...”**

comentou máis de un. Realmente lamentan que as súas nais e pais (algúns xa faleceron e outros son demasiado maiores para colaborar) non puiden ser partícipes deste proxecto porque poderían ter contribuído máis ca eles.

contando historias

mais de 50

Un laborioso proxecto participaron sete técnicos de campo que percorreron desde o ano 2012 aldeas, camiños, montes e leiras para recompilar todos os chamadeiros de Pontevedra



Para algúns técnicos de campo o máis complicado foi conseguir bos informantes, para outros o difícil foron os lindes dos montes. **Ás veces, o peor foi conseguir a confianza da xente.** O temor a unha medida fiscalizadora era unha barreira coa que topaban en diversas ocasións, pero unha vez establecida, a confianza foi un punto clave. De feito, todos os técnicos de campo coinciden no gratificante que foi o trato coa xente.

Todas estas impresións, historias que lle contaban os veciños, anécdotas... Están recollidas no blog de Chamámonos Así www.pontevedra.eu/toponimia/

Todo o trabalho de campo está recollido no web www.pontevedra.eu/sn1/datostoponimia/. Esta aplicación permite buscar topónimos na base de datos, pescudando por parroquia, lugar, topónimo ou tipoloxía, e ofrece diversa información sobre o chamadeiro. Actualmente, esta base de datos conta con más de 7.000 topónimos organizados en fichas individuais, situados sobre mapas e xorreferenciados para poder exportalos a outras aplicaciones (LocalSix).

Horas de trabalho, de camiñar, de situar en planos, de desesperarse porque quedaban áreas nas que parecía que non fán aparecer todos os nomes... veu o traballo 'de oficina', anotar as peculiaridades de cada nome na base de datos para poder trasladalo a outras extensións utilizables por profesionais de diferentes ámbitos (topografía, enxeñaría, arquitectura...)




a e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste riquísimo patrimonio



- Recoller
- Investigar
- Coñecer
- Catalogar
- Revisar
- Difundir
- Utilizar

...a toponimia do territorio que ocupamos



Chamámonos Así



O estado do plan Chamámonos Así
En poucos meses rematará o traballo completo



Exposicións nas parroquias

O Concello vai levar a cada parroquia os mapas da súa toponimia para que os veciños coñezan de primeira man o traballo que se fixo e poidan ampliar a información e emendar os posibles errores.

Están xa programadas as primeiras exposicións:

Marcón. Casa da Cultura.

Do 19 de maio ao 19 de xuño
De 17 a 21 h de luns a xoves

Tomeza. No antigo colexio de Lusquiños

Do 20 de maio ao 20 de xuño
De 17 a 21 h de luns a venres e de 10 a 13 h os sábados.

Mourente. Sociedade Cultural

Do 21 de maio ao 21 de xuño
Todos os días de 17 a 21 h

Santa María de Xeve. Centro Cultural

Entre o 27 de maio e o 27 de xuño
De 8.30 a 13 h de luns a venres; de 17 a 21.30 h os luns e os mércores; de 20.30 a 21.30 os xoves; de 20 a 21 h os venres e de 20.30 a 23 h o sábado

Xeve. Teleclub

Entre o 27 de maio e o 27 de xuño
De luns a venres de 19 a 21 h; e os sábados e domingos entre as 11 e as 14 e de 18 a 21 h

Verducido. Casa do Pobo

Entre o 27 de maio e o 27 de xuño
De luns a venres de 19 a 21 h e os sábados e domingos de 11 a 14 h

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PONTEVEDRA RELACIONADOS CON POZOS E POZAS

Pozo da Reitoral || Fonte dos Leiros || Pozo da Veiguña || Pozo das Fontiñas || Pozo do Nabasal || Pozo da Boca || Pozo de Perán || Pozo de Mogues ||
Pozo do Cura || Pozo dos Petotes || Pozo do Furo || Pozo Negro || Pozo dos Tornos || Pozo da Roxa || Fontiña dos Bois || O Caneiro || Pozo do Lago ||
O Pozo da Figueiriña || O Pozo da Costa do Río || O Pozo das Samaráns de Riba || O Pozo das Samaráns de Baixo || O Pozo da de Dentro ||
O Pozo da Paluz || O Pozo da Misericordia || Pozo do Lugar || Pozo do Porto do Río || A Traída do Carballo do Pazo || A Traída da Armada ||
A Traída da Esculca || O Lavadoiro da Meneca || A Fonte das Arráns || O Pozo das Arráns || O Río do Meán || O Lavadoiro do Meán



O TRABALLO
DE CAMPO

CHAMADEIROS



Isabel Iglesias Técnica de campo en Tomeza, Salcedo e Campañó. “Nunca esquecerei que me levaran ao Monte Castrovi nun Land Rover moi vellíño, por pistas forestais e cortalumes, e alí descubriri cousas únicas. Non deixaba de pensar como hai séculos poidan chegar ata alá arriba só por carreiros”.


María Ferro Técnica de campo en Marcón e Bora. “Aos informantes hai que facerlle ver que grazas aos seus coñecementos, e a todo o que saben, podemos saber máis sobre a nosa historia, as nosas raíces. De feito, ás veces non somos conscientes da riqueza que temos ao lado da casa. Non fai falta ir fóra de Galicia para pasar un bo día”.

Lukas Santiago Técnico de campo en Salcedo e Lourizán. “A realidade é que os novos non sabemos nin unha décima parte dos nomes que utilizaban os nosos avós. Vivimos unha devaluación da cultura tradicional fronte á cultura académica e semella que todo o vello perdeu o prestixio”.

Segundo Feijoo Técnico de campo en Verducido e A Canicouva. “Os veciños acaban contándome historias de como, por exemplo, era o ruído que facían os carros ao pasar polas rodeiras que xa estaban marcadas nas pedras dos camiños. Comezaban a lembrar e mesmo parecía que estaban revivindo o momento”.



Mercedes Torres Técnica de campo en Mourente, Campañó e Cerponzóns. “Despois de recoller toda a toponimia, resulta emocionante consultar o Catastro do Marqués de Ensenada, do ano 1753, e recoñecer nel os nomes que áinda agora empregamos. Noutros ves como evolucionou a lingua ou como, directamente, se perdeu o topónimo”.



Alberte Reboreda Técnico de campo en Xeve e Ponte Sampaio. “Unha das cousas más sorprendentes deste proxecto é ver como a xente maior se deslumbría ao descubrir que o que saben é de interese para a xente nova. Son os primeiros sorprendidos ao ver que anotas todo o que eles recordan. Iso fai que sexan máis entusiastas á hora de colaborar”.

María Abelleira Técnica de campo en Santa María de Xeve, Lérez e Alba. “É preciso facer unha recompilación dos topónimos porque realmente existe unha barreira de transmisión, en parte, porque nosos pais desexaron para nós un futuro mellor. Agora, a xente nova fai denominacións más amplas dos lugares”.

TOPÓNIMOS DE PONTEVEDRA RELACIONADOS CON CURSOS FLUVIAIS

O Pozo do Paineiro || Río da Cancela || O Río de Pintos || O Rio do Marco || Río do Pombal || Río de Marcón || O Río Vello || Río Laranxo ||
Río da Estación || Río da Tablada || O Río das Louriñas || O Río do Outeiro || O Río do Batán || O Río das Sebes || O Río das Flaires ||
O Regato dos Buratos || O Río Rexedoiro || Rego do Castrado || Río da Ufa || Regueiro das Laceiras || Regueiro do Foxo || Regueiro do Fosanín ||
Regueiro do Portasouto || Río da Veiguiña || Río da Fervenza || As Fervenzas || Río do Pereiriño || Río do Anqueiro || Río da Troita ||
Río de Casal de Madre || Río Lamiños || Regueiro do Covelo || O Río das Ferráns || O Río da Pedra Foxán

XENÉRICOS
LOCÁIS
DOBRES
DENOMINACIÓNS

CHAMADEIROS
SILVANAS

Un mesmo lugar, diversas denominacións


O outeiro que separa as parroquias de Lérez, Campaño e Cerponzóns. Para os de Lérez trátase do Monte das Chans; para os de Campaño o Monte das Tetas; e os de Cerponzóns chámanlle Outeiro das Campanillas



A toponimia permite chamarlle a cada cousa polo seu nome. Pero resulta moi curioso que dentro dun mesmo concello, con apenas uns quilómetros de distancia, as persoas lle chamen de diferente xeito a un mesmo espazo.

Son o que se chaman xenéricos locais

En Xeve, por exemplo, sucede algo parecido co río Lérez, pois son moitos os veciños que se refiren a el como o Río Grande.



Matos
Cachadas
Tomadas
Toxeiras
Comareiros
Zonas do monte que fornecían de estrume para as cortes.

Río
Pozo
Lavadoiro
Alguén pode ir lavar alí e estará no mesmo sitio.

Paneira
Canastro
Cabana
Hórreo
Son a mesma edificación

Carincosta
Congostra
Corongosta
Coroncosta
Costillada
Son un camiño estreito ou carreiro empinado

Olleiro
Illón
Son mananciais de auga


Os que tiveron a peor morte foron os que se enterraron vivos

A gran mayoría dos chamadeiros chegaron a As "Posturas"

O caso máis impactante é o de Ence. A fábrica de celulosa deixou a centos de persoas sen poder traballar na súa ribeira dos **Praceres** (máis coñecida polos veciños como "**A Veiga do Pobre**"), que nese momento era o banco marisqueiro máis grande e produtivo de Galiza. E ademais soterrou para sempre un feixe de chamadeiros.



Na parroquia de Lourizán hai moitos veciños que aínda lembran de se bañar nas praias do **Canabal**, da **Sartán** ou a **Lameira**. E que marisco se recollía no '**Mar Chiquito!**' Así era como lle chamaban á parte do banco marisqueiro que estaba entre a avenida de Marín e a estrada vella. Nese espazo, o punto máis produtivo que eran **'As Pedras Carneiras'**: o lugar máis rico, dende o punto de vista da explotación marisqueira, de toda a ría de Pontevedra. Constitúan un viveiro natural, e á parte dos peixes e crustáceos, como as nécoras, destacaba pola cantidade e calidade das ameixas que criaba no seu contorno.



Pero tamén hai outros casos: a fábrica da **Cross en Alba e Campaño**, que se construíu sobre terras con nome propio: A Seara, A Anqueira, As Brañas e Ponte Cabras; o **Porto de Pontevedra** en Lourizán; o embalse do **Pontillón do Castro** en Verducido; a fábrica da **Pontesa** en Ponte Sampaio; o Polígono Industrial do **Campiño en Marcón**; o vertedoiro do **Borrón** en Alba; o cuartel militar de **Campolongo** e, más recentemente, o da **Brilat** en Salcedo.

os nosos tempos manténdose intactos dende hai séculos

, os chamadeiros mergullados no río Verdugo, en Ponte Sampaio



O río Verdugo, ao seu paso por Ponte Sampaio, tamén sabe de chamadeiros. Neste caso, trátase das 'posturas', que son os nomes que reciben os lugares onde os mariñeiros botaban a rede cando saían pescar de noite. Todos eran puntos profundos do río nos que había acumulación de pedra.

Chamadeiros en Ponte Sampaio



Cada noite saían a pescar cinco ou seis barcos con entre dúas e tres persoas a bordo e percorrián as posturas que máis les interesaban segundo o peixe que buscaban.

O Pozo da Ponte de Ferro

é a primeira postura, situada onda a ponte do tren. **A dos Chorros** é a última e atópase onde remata a parte navegable do río, entre dúas pedras altas. A ela só podían acceder cando había boa marea, porque senón era inaccesible.

Entre elas, cóntase más dunha duzia entre as que están **Santamaño, A Ponte Canal, A Raposeira, A Feira do Dez, As Lanxiñas, As Cañotas...**


Todas as posturas están en revoltas e a gran maioría en remansos do río, para que a corrente non lle impidiera traballar lixeiros de noite, fóra do control dos gardarrios.

No Verdugo, donde que se recorda, nunca estiveron permitidas as capturas, pero algúns veciños de Ponte Sampaio reconñecen que compensaba, porque a sanción "era de 500 pesetas e nunha noite podías ganar 40.000"



Un abrigo entre as pedras

As Lapardas: topónimo utilizado no rural pontevedrés para identificar aos bolos graníticos que teñen forma de abrigo natural. Foron utilizados historicamente polos pastores para refuxiarse das inclemencias meteorolóxicas e, ocasionalmente, tamén por algúns dos fuxidos que, por motivos políticos, buscaron acubillo no monte para evitar ser represaliados pola ditadura (1936-1978). Esta palabra, que non aparece nos dicionarios, deriva da voz lapa 'cova, cavidade', que á súa vez ten orixe na voz latina 'lappa'.



A pesqueira que deu nome a un río

A Comboa: trátase do nome dun río e dun núcleo de poboación tradicional de Lourizán. A raíz céltica *camb- (cousa curva, de aí o topónimo Cambados por exemplo) está na base desta palabra que identificou, en palabras de Alfredo García Alén, "a pesqueira feita na beiramar ou nun río". O dicionario describe a comboa como un "pequeno lago artificial que se forman á beira do mar e que se enche ao subir a marea, quedando en seco co refluxo". A Comboa de Lourizán é a mesma que designan outros topónimos de Galicia que identifican o mesmo artefacto pesqueiro: Camboa (Oia), Comboa (Vilagarcía) ou Gamboa (Vigo).



Lavadoiros que son ríos

O Río. Se dicimos río (que vén da voz latina 'rivu') todos pensamos na definición que deles dan os dicionarios: "curso natural e permanente de auga doce, que flúe por un leito e que desemboca no mar, nun lago ou noutro río", pero no rural pontevedrés os ríos tamén son os lavadoiros, isto é, os tanques artificiais ou lugares onde se lava roupa, de forma que cando algúen di "vou ao río", pode levar a engano ao seu interlocutor ao ver que non leva consigo bañador nin protector solar, e si balde, roupa sucia e xabón lagarto.

Ostras de Ponte Sampaio

Os Cunchidos. Durante séculos, Ponte Sampaio tivo na comercialización de ostra a súa principal actividade económica. Este molusco mariño era capturado no fondo da ría de Vigo para despois ser escabechado e embrullado con destino ás grandes ciudades da península e incluso a unha parte do continente europeo. As cunchas que se desbotaban dos cocedoiros eran tiradas nalgún lugar próximo a el, e por iso o núcleo da Ponte conta con varios Cunchidos dispersos polo río adiante. Cunchido vén de cuncha, é esta voz do latín 'conchula'.

Sobre as ostras escribe Eladio Rodríguez no seu Diccionario enciclopédico (1958-1961) que "as que se crían en Galicia son estimadísimas; especialmente as da Ría de Arousa, da Ría da Pasaxe de A Coruña, de Noia e doutros puntos do litoral gozan de grande fama. As de Ponte Sampaio serviron aos franceses para formar os criadeiros de Ostende. Xa nos séculos XVI e XVII enviábanse a Madrid grandes cantidades; e a mediados do século XIX era tanta a abundancia no noso país, que case non tiñan prezo".

Un pracer en forma de... area

Os Praceres. Este topónimo identifica, contra o que puidera parecer a primeira vista, un banco de area de orixe fluvial ou marítima. É o caso dos Praceres de Lourizán, situado nun istmo da beiramar que, hai moito tempo, conseguiu unir unha pequena illa co continente. Tanto gozo, pracer e agrado debeu provocar nos visitantes este lugar ao longo do tempo que mesmo chegaron a construir unha capela e, máis tarde, un balneario. A orixe etimolóxica desta voz hai que buscalo no latín 'placere'.



Os topónimos nunca son un dato concluyente no momento de localizar xacementos arqueolóxicos, pero sí un indicio relevante más que cómpre ter en conta

A Cividá

A Cividá, A Sibidá, A Subidá (Marín), A Cidá ou A Cividade (Bora) son topónimos galegos que, habitualmente, permiten identificar aldeas fortificadas datables na Idade do Ferro (s. VIII a.C ata o ano 0) e na romanización (do cambio de era ao III d.C.). Situados sempre en outeiros prominentes, que lles proporcionan boas condicións defensivas e de visibilidade, hai investigadores que cren que os xacementos que levan este topónimo puideron ser un oppidum, algo así como a aldea central ou capital dun conxunto de castros.

A etimoloxía de Cividade hai que procura-la no latín 'civitate', predecessor tamén da palabra cidade. Na Cividade, situada na parroquia de Bora, recollimos esta lenda: "No Coto da Cividá había un tesouro. Foi unha cidade nos tempos antigos e alí seica viviron os mouros ou os romanos. Nel hai enterrado unha vena de veneno e outra de ouro."

O Castelo

O Monte Castelo (Lérez) e a Illa do Castelo (Ponte Sampaio) son dous excepcionais xacementos arqueolóxicos de época medieval.

Ambos os dous acollerón cadansúa torre defensiva vinculadas ao control do tránsito de persoas, exércitos e mercadorías ao longo da Depresión Meridiana (unha fractura do terreo en sentido norte-sur que vai desde Carballo ata Tui e o norte de Portugal) que as fontes escritas permiten documentar amplamente.

Sabemos que a torre medieval que se levantou nesta illa foi obxecto de conflito permanente entre os arcebispos de Santiago e Pedro Madruga durante o século XV. Algunhas fontes tamén din que na Illa do Castelo de Ponte Sampaio foron enterrados os franceses que perderon a vida na famosa batalla que se librhou nesta parroquia pontevedresa en 1809.

Galicia está chea de lugares que levan chamadeiros de carácter arqueolóxico

(O Castro, O Mámoa, A Cama do Santo, Pedra Escrita, A Cividade, O Telleiro, A Torre, A Muimenta, Pedra Alta, A Croa, etc...) que, con moita frecuencia, permiten localizar xacementos arqueolóxicos inéditos nunca documentados ata o momento. Vexamos agora con máis detalle algúns dos que podemos atopar no concello de Pontevedra.



O Castro

Outro dos chamadeiros que, con frecuencia, permiten identificar xacementos arqueolóxicos é castro. Derivado da voz latina 'castrum' que significa "castelo, cittadella". Os castros son aldeas fortificadas en altura que se localizan ao longo de todo o noroeste da península Ibérica, nomeadamente no territorio que os romanos denominaron Gallaecia. Dos dez castros que foron catalogados ata agora no concello de Pontevedra, seis son identificados popularmente co nome de castro, áinda que non todos os cotos que en Galicia levan este nome son aldeas fortificadas datables na época prerromana



**ALGÚNS TOPÓNIMOS DE PONTEVEDRA
RELACIONADOS CON POSEOSORES XERMÁNICOS**

Marcón || Guxilde (Alba) || Reariz (Alba) || A Cendona (Lérez) || O Xistro (Salcedo) || Mourente (Mourente) ||
Leborei (Cerponzóns) || Pidre (Cerponzóns) || Rorís (Lourizán) || Casal do Mendo (Campañó) ||
Sabarís (Campañó) || Lusquiños (Tomeza) || Rosende (Verducido)

ETIMOLOXÍAS

POPULARES

CHAMADEIROS

Será certo?

Catadoiro

(Lourizán). É o nome dun lugar moi elevado situado no monte comunal onde, segundo contan algúns, os rapaces que ían co gando se “cataban” os piollos os uns aos outros mentres o gando pacía. En realidade a orixe certa deste topónimo hai que buscalo no verbo latino ‘captare’, que significa “ver ao lonxe, divisar”, que está na raíz de moitos outros nomes de lugar de características semellantes a este.

B

Salcedo

Falando con outras xentes e con veciños de parroquias lindadeiras, o antropólogo de Salcedo Rafael Quintía comprobou que hai quen identifica, ás veces de xeito burlesco e facendo a tradución literal ao castelán, que Salcedo significa “sal temprano”, de aí que se vés a esta parroquia debas marchar pronto dela. Outros din directamente que Salcedo significa “sal temprano”, sen entrar en máis matices. Na mesma liña interpretativa de descomponer o topónimo en dúas palabras e buscar o significado literal atópase estoutra versión popular moito más antiga: segundo recolleu o médico Lois Casal a finais do século XIX nun papel manuscrito, existía a crenza vulgar de que o nome de Salcedo proviña da frase “trae o sal cedo”, que seica dicían os antigos veciños da parroquia a aqueles que enviaban co encargo de mercar o sal tan necesario para a conservación e o condimento dos alimentos. A súplica dos de Salcedo para que lles trouxesen o sal o máis pronto ou rapidamente posible fixo que estes habitantes do Morrazo foran coñecidos como os de “sal-cedo.”

A



C

Catafís

(Ponte Sampaio). Catafís é o nome dun núcleo situado nunha cota elevada do núcleo de A Ponte. Unha nena que vive alí contounos que o nome da súa aldea debíase a que nunha ocasión pasaron por alí uns peregrinos ingleses aos que lles cadrou ver un gato comendo un gorentoso peixe, o que os levou a exclamar: “cat and fish!”, e desde aquela quedoulle o nome de Catafís para sempre.

D

Argovello

Argovello. Na lugar da Ermida, en Marcón, hai unhas veigas que reciben o nome de Argovello e os veciños contan que se chamaban así porque nesa zona existía un mosteiro de frades que tiña o seu templo, onde había un órgano. Cando desapareceu a congregación, quedou no lugar o instrumento que se escotaba todas as noites coa brisa do vento. E de aí vén chamarlle ‘O Órgano Vello’, que derivou en Argovello

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE MONTES DE PONTEVEDRA

O Outeiro do Reloxio do Cuco || O Outeiro Número Vinte || O Escorregadoiro || Outeiro de Pinelas || O Coto dos Lobos || O Picoto do Castro ||
Alto do Cucuruibo || Alto da Caseta || Monte da Escola || Alto da Rega || O Crabadoiro || Alto de Laxinde || O Miradoiro || Alto das Forcadas ||
Alto das Cruces || Coto do Foxo || Alto das Saleiras || Alto da Legua de Chan || O Monte de Lenard || A Devesa do Pouso || O Outeiro da Peralba ||
O Comunal || O Baldío || A Carrasqueira || Castro || O Monte de Veliñas || O Monte de Baliñas || O Monte do Castro || O Monte da Pedreira ||
O Monte das Chans || Montecelo || O Monte da Peneirada || O Coto || O Monte da Amproa || Monte Sanín



ASÍ FALAN AS

TESTEMUÑAS



CHAMADERROS



“

*Saben onde é a discoteca,
pero do resto, nada*

Rogelio Barcala

60 anos. Salcedo.

Estiven dúas semanas todas as tardes axudándolle a Lukas a recoller a toponomía, entre percorrer veigas e tamén situálas no plano. Esta recollida é moi importante facela, porque hai xente nova, de 30 anos que sabe onde é a discoteca, pero apenas sabe nomes. Poden saber como se chama a aldea da casa, pero do resto nada

Hoxe en dia está todo abandonado, pero xa estivo máis do que está, por iso os nomes das veigas áinda son útiles

Hai xente que nin sequera sabe onde están os marcos, que fai 30 anos que non van ás fincas, que non saben quen son os seus estremantes



“

Aínda hoxe voulle dicindo todos os nomes das veigas do río

José Argibay

85 anos. Santa Cruz. Xeve

Aquí onde eu vivo chámense As Casas do Regueirín, pero aquí ao lado xa son As Xesteiras, estas outras casas son As Cachadas, alí arriba xa levan o nome do Agudo e por aquí tamén temos As Pinelas. É alí temos monte o dos Inferníños e o do Regueirín

De novos xa organizabamos porque había que ir botar a Veiga de Alén, Perrelle. Eu, ainda hoxe, se vou ata o río voulle dicindo todos os nomes das veigas



“

Agora veñen outras famílias e algúns nomes tamén van cambiando

Laura García

78 anos. O Salgueiral. Bora

Fómoslle dicindo como se chamán as veigas, que están mezcladas. Aquí pasa esta carretera e a parte de abaxo son As Tobadiñas e as de arriba xa son Os Rozos. E pasa un camiñño e debaixo xa son As Leirías. Tamén falamos das fontes, que hai moitas, como a Fonte da Canliña, do Soutiño, do Regueirín, A Cerqueira

Nos fababamos contos que nos contaban os velllos. Pero iso non se pode contar que é unha vergonza. Agora non cren en cousa ningunha desas. Eu teño fillos e teño netos e non lle fales desas cousas que nos dicían os velllos: que iban ao muíño e que che aparecía a galinía cos pitos, que che aparecía o carneiro ou o aíto, e que che aparecía o meniño, que che aparecían unha chea de couzas! Pero agora non lle contes nada diso que che dín que vaías contar iso a outro sitio. Antes criámos todo porque non había unha televisión, nin unha radio

“

Hai nomes que non sabemos de onde veñen como a Casa da Pellegra

Evangelino Chamadoira

57 anos. O Salgueiral. Bora

Este traballo que fai o Concello está moi ben, porque no Catastro non hai un nome que esté ben posto, e cando pasen dúas xeracións, xa non se conoce nada. Eu colaborei en todo o que puideren e dixen todos os nomes antigos que sabía

Fomos veiga por veiga e nombre por nombre. Fomos ao río e miramos o Caño Sifón, que é unha presa de auga que atravesa a carretera e fai un sifón

Nos moitos nomes que nos xa non sabemos de onde veñen, como por exemplo A Casa da Pellegra

Antes dicíanchan que viña o 'garulo', e era para meter medo para que marcharas rápido e deixaras o muíño libre. Agora se contas algo diso xa che din que estás pasado

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE MONTES DE PONTEVEDRA

O Monte Loureda || Outeiro do Meixoeiro || Outeiro da Porta Parada || O Outeiriño do Gabián || Outeiro do Penedo || A Lomba || Outeiro de Covaquiños ||
Outeiro do Crabadoiro || Outeiro da Casiña || Outeiro dos Porriños || O Monte das Croas || O Outeiro do Raposo || Outeiro Longo ||
O Outeiro do Cuco || O Outeiro do Raposo de Arriba || O Outeiro do Raposo de Abaixo || Os Outeiriños || Outeiro da Pedreira || Outeiro do Caeiro ||
Outeiro dos Pozos || Outeiro do Agudo || Outeiro da Cerqueira || Outeiro do Galo || Outeiro Vello || Outeiro da Pedra Grande || Monte Valado ||
Outeiro dos Acivros || Outeiro Maúnzo || Outeiro dos Cousos || Outeiro das Gándaras || Outeiriño da Poza Seca || Outeiro de Laxinde || Outeiro Gorrón ||
Outeiro dos Soldados || Outeiro da Moura || Coto do Cesteiro || Outeiro do Carballeiro

ASÍ FALAN AS

TESTEMUÑAS

SILVADEPROS

“

Agora os novos non coñecen nin aos veciños

Carmen Lorenzo Durán

76 anos. A Ría de Arriba. Marcón

Isto de recoller os nomes das veigas, dos muíños, das fontes... está moi ben, porque pérdese todo. Agora os novos non conocen nin aos veciños, como van saber o nome das veigas

Antes todos sabíamos os nomes das veigas de todos. E tamén os dos muíños. Aqui ao lado temos muíños da maquia: por moer aquí tiñan que pagar ou deixar parte da fariña, por un ferrado sacábassell un quilo. Estes de aquí chámense da Carrela, da Rascada, de Piedras, da Casa Nova, da Casa Vella, da Rola, do de Guiña e levaban os nomes dos motes das casas

Eu carretei moito saco de fariña. E no verán, co millo verde, encaiaba o muíño e non botaba a fariña fóra. E había que desmontarlle a mo e volver a montala. Iso si que eran traballois

Nas veigas das Braneiras había moita auga, de feito, no inverno ali non se entraba e tiñan que poner tablas para ir poder segar a herba

Hai xente que non sabe onde
ten as súas propiedades, e
menos os nomes


Emilio Veiga

72 anos. Salcedo

Aos montes particulares chámante as tomadas, toxerias, matos

Este é un traballo que non se pode facer con presáa. Nos íamos por zonas explicándolle a Lukas: aquí son As Veigas do Outeiro, aquí As da Fonte, ali As da Sobreira, As Veigas Longas, A Seca, A Mollada

Por que Seca ou Mollada? Unhas veigas eran de regadio e a terra era más forte; outras más altas e a terra inferior e non eran regadias e por iso lle puxeron a A Seca no seu día. As Veigas Longas son moi estreitas pero moi largas. Na maioria das veigas pódese dicir que todos os nomes teñen explicación, pódese dicir que co nome que lle puxeron bautizaron ao rapaz moi ben



“

As excursións dos xoves

Juán Manuel Tenorio Cendón

86 anos. Leirados. Bora

O Moro Juan fixo unha cova no Monte do Castro, que agora está tapada. A nós levábanos o noso maestro, o difunto de don Serafin, os xoves de excursión ás covas e resulta que o Moro Juan era un home moi forzudo e levaba para alí as mulleres más bonitas, que eran as de Mourente, e repasábaas alí. De feito, na Igrexa de Mourente, está a figura do Moro Juan, tallada en Pedra, debaixo do púlpito, como se estivera sostendo del

Os novos andan á vida moderna e xa non andan tanto nas veigas. Nos tiñamos dúas vacas e había que ir con elas para o monte e, como eu era sancristán, tamén tiña que ir coas do cura. Eu deixei de ir á escola aos 13 anos, dicía o maestro que xa non tiña nada máis para me ensinar



“

Subían as parellas casadeiras e ataban unha xesta contra outra

Ramiro Omil Piay

85 anos. Valadares. Marcón

Hai unha lenda que di que ao Outeiro Navio subían as parellas de mozos a darlle un nudo á xesta para casarse. Ataban a xesta contra a outra para ver se ao ano seguinte estaban casados

Ao Regueiro das Cagadas chámante así porque había uns pozos de rega para o millo e nos camiños que ían a eles, que tiñan moi pouco pasto, había moitas cagadas de ovellas. Ao facer calor as ovellas aníñanse nun sitio e claro, cagan

Os Carleiros quizais se construirá no 1808, porque é de canda a Ponte de Bernameu, e fixose con pedra do Monte Loureda. Tiñan unha finca moi grande cun pozo de embals de auga, que logo viña por sucos de conducción ata aquí. E a auga aproveitábanla toda: para regar a veiga, para uso doméstico, para o pozo de lavar e a que sobraba volvía ao río

O Marco do Cabalgado divide Tomeza de Marcón. Pedras longas hai dúas, unha en Valadares e outra en Pintos. A de Valadares ten uns pasales cavados na mesma pedra. O Outeiro do Campanario servía para abrigarnos cando chovía e o Outeiro das Casinhas tiña un oco no medio e tamén nos resguardábanos ali

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE MONTES DE PONTEVEDRA

Monte do Peón || Outeiro da Chenla || Outeiro Meán || Outeiro dos Asubíos || A Forca || Outeiro da Forca || Outeiro do Becerral || Outeiro do Castro ||
Outeiro da Costa || Outeiro dos Acivros || Outeiro da Fonte da Armada || Outeiro dos Cousos || Alto das Cabanas || Outeiro de Portovello ||
Marco da Estada || Os Outeiriños || O Monte de San Cibrán || Castrosán || A Fonte Saldán || O Monte da Pedra Barraguenta ||
O Monte da Pedra Barraguenta || Outeiro da Ermida || Outeiro de Pas || Outeiro da Palla || Outeiro da Porca || Outeiro das Pedreiras ||
Outeiro do Porroso || Os Foxos || O Porroso || Outeiro das Campaínas || O Monte das Tetas

ASÍ FALAN AS

TESTEMUÑAS

SOLARIA
CHAMADEIROS

“

Os muíños eran os moteis destes días

José Portela

66 anos. A Canicouva

Todas as fincas teñen o seu nome, como as persoas, áinda que sen apelidos e todas se coñecen por el: O Pumar, A Feira, As Laxes de Riba...

Os muíños eran os moteis de hoxe en día. Ademais de cumplir coa súa función de facer farinía, era onde se concebían os nenos. Daquela faciase prorratoe e aqueles dous que se querían ver sabían ben como facelo coincidir

Aquí temos moitos muíños, pero desgraciadamente o 90% son irrecuperables. O Muíño Vello é unha xoia da arquitectura no que a auga cae verticalmente a través de aneis de pedra

Hai unha zona que se chama Os Pumares, que quere dicir que había unha concentración de maceiras. Agora estamos plantando de novo a especie nesta zona



Demos cun montón de nomes

Pepe Cal

71 anos. O Rañadoiro, Ponte Sampaio

Os nomes xa se están esquecendo. Cada un chámalle dunha maneira aos lugares. Os rapaces olvidanxe de todo e pónenlle o nome aos sitios polas anécdotas que lle sucederon nelles

Agora o campo non dá e os únicos que traballamos nel somos os maiores, que si que seguimos a utilizar os nomes de sempre. Con este traballo recorremos todo o lugar e en cada un deles demos cun montón de nomes

Dín que ao Pozo Negro lle puxeron ese nome porque, ao parecer, cando estaban a traballar as veigas das Cavadolas, que eran moi costa, unhas vacas escorregaron, marcharon ao río e morreron ali



“É como olvidarse do nome dun fillo e agora devolverlle de novo

José María Domínguez

54 anos. Campañó

Coa recollida dos nomes das fincas e lugares o que se fai é devolverlle o nome á terra. É como olvidarse do nome dun fillo durante anos e agora devolverlle de novo

Conta a lenda que na Capela de Santa María do Castro, a capeliña en ruínas que hai no alto do monte, había un imaxe da Virxe da O e ao derrubarla a capela trouxérona para Campañó. E resulta que a colocaron no altar e a Virxe escapou. Trouxérona de novo e volveu escapar. E final puxeróna nunha formela no lateral noroeste da igrexa e xa non volveu a marchar máis

Nós seguimos a chamarlle ás veigas polo seu nome. Temos A Barronda, As Toxeiras da Cubeliña, O Carballal,... Os mozos saben onde está a casa e o ordenador, que foi o que nós ensinamos, para ben seu. Se non teñen inquedanzas é porque nós non illas inculcamos

Dona Urraca, cando douu á Igrexa as súas propiedades no ano 1102 xa nomeaba nelas a finca da Patoeira, que está onda o campo da festa do Cabaleiro. A Casa da Patoeira, que agora está enterrada e que tamén se mencionaba, é a máis antiga de Campañó da que se ten coñecemento

“

Nas fincas dos salgueiros xa non hai salgueiros

Pablo Carro

72 anos. Tomeza

Este é un traballo immenso, extraordinario. Son nomes que se fan esquecer e seguro que hai outros que xa se teñen esquecidos

As orixes dos topónimos teñen moito que ver co terreo, coas familias. Agora a maioría poden parecer raras porque, (...) nas fincas dos Salgueiros non hai salgueiros

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE FONTES DE PONTEVEDRA

A Fonte do Pazo || A Fonte da Carreira || A Fonte do Escaino || A Fonte de Ouro || A Fonte Nova || Lavadoiro do Pazo || O Pozo do Frade ||
Lavadoiro de Covas || Fonte de Covas || A Fonte de San Brais || A Fonte da Pioullosa || A Fonte da Carballa || A Fonte da Carballeira ||
A Fonte da Cancela || A Fonte da Vesada || A Fonte da Coutada || A Fonte da Frexona || A Fonte da Igrexa || Fonte da Laxiña || A Fonte da Fraína ||
Fonte da Grade || Fonte do Serradoiro || Fonte da Reina || As Laxiñas || A Fonte de Lusquiños || A Fonte da Valadiña || Fonte da Regueira ||
Pozo dos Loureiros || O Illón da Cavada do Xastre || A Fonte da Carrola || A Fonte María || O Illón da Rega || Fonte da Laxe || O Río do Freixeiro ||
A Fonte do Freixeiro || Fonte da Martiña || Fonte da Ermida || O Olleiro da Cabaleira || O Olleiro das Pontes || A Fonte do Río Novo || A Fonte de Pumariño

ASÍ FALAN AS

TESTEMUÑAS

SILVIA
CHAMADEIRO

“



A estrema entre Pontevedra e Campañó

Adela Estévez

79 anos. Campañó

Eu tentei axudar en todo o que me pediron e preguntaron. Fun falando do noso barrio e das cousas antigas

Tamén fomos ver a Pedra Penela, que é a pedra que marca a estrema entre Pontevedra e Campañó



Se fai vento, asusta á xente. Por iso se chama Boca do Lobo

Carmen Señoráns

67 anos. Cerponzóns

Fomos polas veigas falando dos nomes. Se había algúnya duda preguntábamoslle a outros vecíños, que tamén axudaron moito

A Boca do Lobo é unha finca á que lle chaman así porque cando fai vento, ata parece que asusta á xente. A Fonte da Cruz levará ese nome porque está nun cruce de camiños e hai unha cruz

Nós temos aquí un monte, entre San Vicente e Verdúcido, que toda a vida foi O Outeiro das Campanillas. Ten dous outeiros, como se fosen o peito dunha muller e agora, fará 30 anos para acá, os rapaces comezaron a chamalles O Monte das Tetas. Pero toda a vida foi O Outeiro das Campanillas

“



Os contos de vellos eran a distracción que había

Eugenio Peón

65 anos. Acevedo. Ponte Sampaio

Aquí cada parte do monte ten o seu nome. Nós criámonos no monte e sabemos ben como lle chaman a cada sitio. Antes andabamos diario coas vacas e ovelas

Hai moitos contos de vello, aos que cando eras pequeno lle prestabas moita atención. Eran a distracción que había

Hai unha capela, a de San Xosé de Lamoeira, que tiña unha romaría que foi más importante ca a da Peneda. Ali vivía un cura e a capela era privada, só se abría o día do santo para facer a romaría

“

Seguimos usando algúns alcumes

Francisco Area

70 anos. Lourizán

Para recoller os nomes percorremos un feixe de lugares, fómosselle preguntando á xente maior. Fixérmolo de boa vontade e encantoume participar porque a toponimia estase a perder. Nós ás veigas ainda lles chamámos polo seu nome. E tamén seguimos a usar moito os alcumes



Estiven 35 anos fóra, pero os nomes non me esqueceron. De pequeno íamos moito ao monte e si gozaba moitos recordos desa época, íamos cosas vacas para O Monte Pornedo, para As Chans, para O Pinal de Echevarría, para O Catadouro. Todos os nomes que tiñamos de referencia viñan de antigo, eran de sempre



O outeiro número 20

Luís López

50 anos. Pumarín. Tomeza

Aquí temos O Outeiro do Reló, que ten debuxado un reloxo coas agullas na propia pedra; O Outeiro da Focha; O Outeiro Número Vinte, que ten marcado o dous e o cero, que seguramente lle puxeron os canteros; A Pedra Longa, que lle chaman así porque é unha pedra moi alta

En Pumarín temos A Cruz da Pedreira, que lle chaman así porque fai moitos anos nese lugar morreu unha muller debaixo dun carro de vacas

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE CONSTRUCIÓNS SINGULARES

Pozo de Cons || Lavadoiro de Bouzas || Lavadoiro dos Areás || O Regueiro || O Regueiro de Carabelos || O Pozo de Condesa ||
Pozo da Bouza || A Fonte do Viveiro || Pozo da Paloma || Pozo da Capela || Pozo do Monte || Lavadoiro do Monte || Lavadoiro da Laxiña ||
Lavadoiro da Presa do Porto dos Carros || A Cova dos Canteiros || A Choza dos Canteiros || A Laxe || Lavadoiro da Ermida || O Pozo do Sobreiro ||
Os Canos Sifóns || O Balneario || Lavadoiro das Cachadiñas || Casucho de Cándido de Urbano || O Pozo de Lavar da Veiga da Mina || O Pozo Novo ||
O Fiadeiro do Coto || O Pozo do Rubial || O Fiadeiro do Montiño || A Caseta do Castro || A Presa do Muíño Volante || A Caseta da Penoubiña ||
O Muíño do Pozo Negro || O Pozo || Lavadoiro de Vilafranca || O Posto do Boi || O Pozo de Lavar da Ría de Abaixo

ASÍ FALAN AS

TESTEMUÑAS

SISTEMAS
CHAMADEIROS



“

Aquelo era unha escravitude

Juan González

86 anos. Santa María de Xeve

Aquí todos conocíamos as veigas de todos e as estremas. Todo a detalle

No monte estábamos todos os días. De pequeninos xa nos levaban no carro, deitadiños a dormir enriba dun monillo de palla. Ó Aceivelo ou ás Brañas íamos unhas tres ou catro veces na semana. Aquilo era unha escravitude!

Para ir ao baile primeiro había que traballar ata as dez da noite e cando volvías, alá polas dúas da mañán, xa te estabas a esperar para ir ao Acival. E alá marchabamos sen pasar pola cama. Isto cántalo agora e non cho cren

Os aforcados

Juan José González

64 anos. Santa María de Xeve

Hai moitos nomes que poden parecer rares, pero seguro que no seu momento houbo algúna razón para poñerelle ese nome

Aquí ainda empregamos moi o nomes das terras, como o Laghartero ou o Camiño da Lamela, pero tamén os alcumes das familias e das casas

Conta unha lenda que no monte de Frieiro, no Outeiro da Forca, aforcaban á xente os mouros que estaban no Pazo de Gondar



“

A Conxeira ou Souto Ramado?

Benigno García

65 anos. Lérez

Os maiores seguimos empregando os nomes, pero agora xa case non se vai ás fincas. Realmente a velocidade de perda destes nomes é impresionante. Nalgúnhas zonas que coñecía ben, agora xa me costa ubicar.

Os nomes vanse substituíndo por outros más cómodos. No Castelo hai una zona que aparece como A Conxeira, porque allí houbo un negocio de cría de coellos e eu teño unha finca pegada. Pero esas veigas son Souto Ramado de toda a vida. É como ao que agora todos lle chaman A Cross, pola fábrica, pero que é Ponte Cabreas. Á Ponte Baqueiro, por exemplo, agora chámamle A Ponte das Cabras. E ao que nós sempre lle chamamos o Camiño da Illa, desde fai xa bastantes anos é a rúa Martín Códax

As novas construcións tamén van devorando os nomes tradicionais. Onde está a rotunda grande de Lérez, estaban As Veigas da Abilleria e a fonte e o camiño que levan ese mesmo nome



“

Aquí inventouse a sulfatadora de man

Casiano Nieto

70 anos. A Devesa, Alba

Eu amoseille todas as escrituras antigas, de vello, que tiñamos na casa, nas que veñen nomes, planos...

Marchei de aquí con seis anos e volví con 56, pero recordo moitos nomes. Xa antes de marchar, mira que pequeno era, tiña que ir para o monte coas vacas, e había que traballar e ser espabilado porque, daquela, non daban nada

Aquí na Devesa viviu José Ramón María Pastor Corbacho Serantes, natural de Tremoedo e casado na Devesa, que fixo as imaxes talladas en madeira policromada da capela da Divina Pastora. Tamén inventou a sulfatadora de man, feita de madeira, e vendeulle a patente á ferretería 'La Telleira' de Pontevedra, que a comercializou fabricada en metal

“

Se a Fraga é a Fraga e o Mineral é o Mineral, por qué agora lle ímos cambiar o nome por Camiño de Santiago?

Luís Cochón, o Nuncio

73 anos. Alba

Botei unha man na recollida porque, ademais de ser coñecedor da zona, dos nomes e a súa situación, eu isto lévo no sangue. Así palpamos todo o terreo

Todos os que comemos algo de pan de millo recordamos ben os nomes das veigas áridas que xa non as traballemos



A nós aquí pertencianos o muíño da Rolda, en Campañó, e íamos moer cando nos tocaba. No verán, ademais de ir moer, como había seca, tiñamos que ir empazar a auga para que o muíño puidese moer

ALGÚNS TOPÓNIMOS DE ACCIDENTES COSTEIROS

A Pedra Froxán || As Pedras Carneiras || A Pedra Longa || A Posta || A Praia da Posta || O Mar Chiquito || A Maré || Os Viveiros ||
O Cabo || A Illa Ravela || O Peirao do Cabo || Debaixo da Terraza das Monxas || Os Cons || O Areal || O Comareiro das Regueiras || O Areeo da Pancada |||
O Areón da Pancada || Os Areos de Terra || Os Areos do Pozo || O Areo do Medio || O Areón do Medio || O Pozo da Pancada |||| O Pozo de Terra |||
O Areo de Poio || O Areón de Poio || Os Pozos da Draga || O Areón da Pedra Foxán || A Praia da Sartán || A Praia Lameira |||
As Malvinas || A de Sánchez Cantón || O Areo de Pau || O Areón de Pau || As Dúas Irmás || Os Olmos || A Ribeira || A Barra || A Praia do Canaval |||
O Areo do Río da Escollera



ASÍ FALAN AS

TESTEMUÑAS

SOLARIA
CHAMADEIROS



Ninguén se acorda da Igrexa Vella

Cándida Pérez

63 anos. Santa María de Xeve

Aquí sempre anduvemos nas fincas. E seguimos indo, xa non tanto como antes, que se facía vida nelas

De pequenos metíannos medo dicindonos que iba vir Adelina a Jabalina, que era unha señora de aquí de Santa María moi conocida en Pontevedra porque, contaban, percorrera o mundo entero a pé e descalza. Era unha señora que tiña un trastorno e dormía nos alboios dos veciños, á que lle daban comida e bebida

Aquí de lado da casa temos As Pontes e O Camposanto, que din que antigamente había aquí un, pero meu pai que morreu de 98 anos xa non o accordou. Tamén a Igrexa Vella, que ninguén a accorda



O bispo ou a abispa?

María Lores

52 anos. Mourente

Isto pérdeuse. Eu teño 52 anos e agora descubrín un feixe de nomes que non coñecía aquí en Mourente. Xa non se vai ás leiras, non se pasea... non se lle chama ás cousas polo seu nome. É triste, porque non só non se coñecen as veigás, senón tampoco a flora nin a fauna

Hai topónimos moi bonitos relacionados co uso da terra, co que alí había. Aquí temos un lugar que lle chamamos A Galé, entre Mourente e Bora, pero non se sabe de onde vén. De feito ás veces aparece como A Galea

Temos as fincas da Abispa que, indagando, descubrín que se trata dun terreos que pertencían a un bispo, e de aí o nome



O tesouro de Castro Senín

Gonzalo Torres

48 anos. Os Campos. Mourente

É moi importante recoller a toponimia porque ao morrer os vellos, os nomes vanse con eles

Á Fonte de Santa Margarida viña a xente que tiña problemas de pel a lavarse. Agora xa está enterrada, pero había unha pía larga de pedra onde se deitaba a xente para deixarse estar na auga. Empregouse con ese fin ata principios do século XX

Contan que no monte de Castro Senín había un tesouro de Mouros agochado nunha cova. Moitos anduveron a buscar por el, pero de momento non apareceu



Lamprea entre o teito e o chan

Juan Álvarez

66 anos. Ponte Sampayo

Parece que non, pero as posturas son un alarde de precisión. O que estaba a largar, que normalmente era meu pai, tiña que calcular pola rede que lle quedava a distancia a terra que lle dera tempo a virar e poder chegar a terra de novo

Daquela a lubina non te creas que valía más ca o muxo, de feito o muxo era moito más apreciado ca a lubina. Aquí temos collido salmóns de 15 quilos. E na casa eu recordo unha lamprea colgada no teito que chegaba ata o chan

Arca e couce en vez de babor e estribor

Rogelio Álvarez

65 anos. Ponte Sampayo

Eu de terra non sei nada. Eu son de andar de noite no río. En Santa Maño, na Raposeira e na Ponte Canal, debaixo da ponte antiga, era onde se collían os peixes máis grandes porque hai uns pozos moi fondos. Ali onde ten a entrada do mar o chalé de Massó chámalle A Feira, frente á Carballeira dos Ingleses. Máis arriba está Santa Maño. O pasar outra volta, antes de chegar á Illa do Demo, están As Laxiñas

Con motor é imposible facer unha postura, hai que ir a remos e moi amodioño. As posturas de noite hai que poñelas desde terra e volver a ela, porque ten que quedar cerrada; se hai un oco aberto, alá vai! escapan os peixes

Cando había fame, antes de ir ao mar ían roubar as mazás ás froiteiras da Casa da Grila

En lugar de chamarlle babor e estribor, meu pai chamáballe 'arca' e 'couce'. No barco levábase un bichero, un pau con punta de ferro, para bater na pedra e que esta cantara. E meu pai dicía tira de arca, e como eu non sabía, dáballe para un lado; se acertaba ben, pero senón xa apañaba co bichero

OS
CAMBIOS
DE
PONTEVEDRA

A TOPONIMIA
DE PONTEVEDRA



CONCELLO DE
PONTEVEDRA